

Documentación

A candidatura presentárase **segundo os modelos establecidos que figuran como anexo** as bases.

No caso de persoas físicas (anexo 1) constará de:

- Candidatura
- Síntese da traxectoria profesional e curricular

No caso de entidades privadas sen ánimo de lucro (anexo 2 e 2.1) constará de:

- Candidatura
- Síntese da memoria da actividade xeral da entidade ou do programa específico que postula ao premio.
- Certificación
- Fotocopia da tarxeta do NIF da entidade e do NIF da persoa representante. No caso da achega do NIF da entidade por parte das delegacións ou agrupacións locais desta, deberá acreditarse que contan coa autorización correspondente, se non consta en poder da sección de Servizos Sociais da Deputación.
- Fotocopia dos estatutos da entidade, se non consta en poder da sección de Servizos Sociais da Deputación.

O idioma empregado será o galego e deberá terse en conta o emprego dunha linguaxe con perspectiva de xénero.

As candidaturas presentadas quedarán en poder da Deputación que poderá empregalas para a difusión de calquera acción relacionada co presente premio.

Prazo e forma de presentación

Prazo: o prazo de admisión de candidaturas ábrese o día seguinte á publicación das presentes bases no BOP e remata aos 20 días naturais ás 23.55 h.

Forma de presentación

As candidaturas presentáranse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial da Coruña, Avda. Alférez Provisional 2, 15006 A Coruña, ou no indicado no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 novembro, RXPAC, indicando no exterior do sobre: Premio “Concepción Arenal” para temas de acción social 2013 ou por correo electrónico ao enderezo: concepcion.arenal@dicoruna.es

No caso de presentar a candidatura a través do enderezo electrónico todos os documentos que requiren de sinatura deberán vir asinados electronicamente.

O xurado poderá propoer candidaturas no transcurso da súa reunión, estas axustaranse aos modelos achegados como anexo a estas bases no que se refire aos datos da candidatura e da síntese curricular ou memoria.

Valoración das candidaturas

O xurado realizará a valoración das candidaturas segundo as bases.

Para máis información sobre as bases: www.dicoruna.es



PREMIO “CONCEPCIÓN ARENAL”



A Deputación da Coruña convoca o premio “Concepción Arenal” para temas de acción social, ano 2013, dirixido a recoñecer iniciativas, traballos, traxectorias de persoas, individualmente ou entidades comprometidas coa promoción dos servizos sociais e as políticas de igualdade de xénero.

Esta iniciativa ten como obxectivo recoñecer publicamente o labor profesional no ámbito dos servizos sociais e as políticas de igualdade de calidade na provincia da Coruña, fomentando a aplicación da transversalidade de xénero, a transferencia de boas prácticas, modelos de intervención social, etc.

Obxectivo

Convócase o premio “Concepción Arenal” para temas de acción social, ano 2013, cos seguintes obxectivos:

- Recoñecer publicamente e distinguir a traxectoria profesional dunha actuación de calidade no ámbito dos servizos sociais, políticas de igualdade de xénero e loita contra a violencia de xénero.
- Premiar o labor profesional dunha entidade ou duns programas estables de calidade de promoción dos servizos sociais.
- Difundir boas prácticas e/ou modelos estables de intervención.
- Impulsar as políticas de igualdade de xénero na provincia da Coruña.
- Implantar a transversalidade de xénero en todas as accións e programas.

No caso das entidades privadas sen ánimo de lucro a candidatura poderá referirse á actividade xeral da propia entidade ou ben a un programa específico.

Participantes

Calquera persoa individualmente, ou entidades privada sen ánimo de lucro, que cumpran os seguintes requisitos:

No caso de persoas físicas:

- Persoas maiores de idade.
- Desenvolver as súas actividades profesionais no ámbito territorial da provincia da Coruña.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.
- Non estar incursas nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública dispostas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro.

No caso de entidades privadas sen ánimo de lucro:

- Estar legalmente constituídas antes do 1 de xaneiro de 2013.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.
- Estar rexistradas como entidade prestadora de servizos sociais no rexistro da Xunta de Galicia, e de ser o caso, estar inscritas na área de igualdade neste rexistro. (Decreto 254/11, do 23 de decembro, DOG do 20 de xaneiro de 2012) con anterioridade á data do fin de presentación de traballos.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.
- Non estar incursas nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública dispostas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro.

A proposta de candidaturas será libre e **no caso de persoas físicas non se poderá autocandidatar.**

Criterios

O xurado terá en conta os seguintes criterios para conceder os premios:

- Tarefa continuada desenvolvida en favor da promoción dos servizos sociais.
- Iniciativas que impulsen políticas de igualdade de xénero nos servizos sociais da provincia.
- Programas ou proxectos de servizos sociais que implanten a transversalidade de xénero.
- Promoción de cambios en materia de emprego con perspectiva de xénero.
- Medidas ou programas de conciliación da vida familiar persoal e laboral, erradicación da discriminación por razón de xénero, fomento da participación social das mulleres e a representación paritaria na toma de decisións.
- Prevención, tratamento e intervención integral en materia de violencia de xénero.
- Interacción coeducativa no ámbito comunitario.

O xurado poderá valorar outros méritos, que dará a coñecer, das persoas, ou entidades que se propoñan.

Premio

Daranse tres premios, o premio concederáselle á persoa, e/ou entidade sen ánimo de lucro na provincia da Coruña, que destaque pola súa traxectoria na promoción dos servizos sociais, e/ou políticas de igualdade de xénero ou que sobresaia pola incorporación da transversalidade de xénero.

Os premios consistirán, por unha parte, na distinción simbólica a nivel provincial e o recoñecemento público polo labor desenvolvido e dun premio en metálico coas seguintes contías:

Un primeiro premio en metálico de 7.000 euros e un segundo e terceiro premio de 4.000 euros.

Estas cantidades están suxeitas ás retencións legalmente establecidas. O pago dos premios efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que para o efecto se sinala.